



DECLARACIÓN SECTORIAL A PROL DO PECHE DE CICLOS INDUSTRIAIS EN GALICIA

Santiago de Compostela, a 13 de febreiro de 2024

As entidades abaixo asinantes desexamos realizar a seguinte declaración:

- 1) Dos 18 millóns de metros cúbicos de madeira que se aproveitaron no ano 2021 en España, preto de 10 millóns obtivéronse en Galicia, iso supón que no 7,8% da superficie arborada do Estado prodúcese anualmente o 55% da súa madeira.
- 2) O proxecto do Inventario forestal continuo de Galicia, unha ferramenta necesaria, ven de poñer números á realidade dos bosques galegos: preto de 620.000 hectáreas de frondosas caducifolias, de 420.000 hectáreas de coníferas, piñeirais na súa grande maioría, e 409.000 hectáreas de eucaliptais.
- 3) Detrás deste recurso existe un bosque que achega servizos ecosistémicos á sociedade galega e tamén rendas e valor ao rural a través dun tecido industrial amplo e diverso. Máis de 350 millóns de euros anualmente distribúense entre miles de familias de Galicia. O monte en Galicia supón un plan de pensións verde para numerosas familias galegas.
- 4) A industria forestal-madeira de Galicia achegou no ano 2018 o 1,9% do PIB galego, por riba do 1,4% do PIB que representa a cadea forestal-madeira na UE27 e moi superior ao 0,9% que supón a devandita cadea en España. Facturou no ano 2022 máis de 2.700 millóns de euros, dando emprego a máis de 20.000 persoas o que supón o 12% do emprego industrial de Galicia, un emprego que se distribúe por todo o territorio rural.



- 5) En Galicia contamos cunha industria de transformación moi diversificada, con empresas que son un referente no seu ámbito de negocio. Ás empresas de silvicultura, explotación forestal, e industria de primeira transformación coma o aserrado, chapa e tableiro, e pasta de papel, hai que sumar toda unha industria de segunda transformación formada por industrias de carpintaría, mobiliario, contract, papel e derivados, así como aproveitamento enerxético. Todo isto, témolo en Galicia.
- 6) Para ser competitivos, para producir produtos de alto valor engadido, hai que dispor dun recurso endógeno sólido e continuado, pero tamén hai que asegurar a transformación e o peche de ciclos dentro do propio territorio. O reforzo e consolidación das segundas e terceiras transformacións dos produtos de madeira ou baseados en madeira en Galicia deben ser obxectivo de todas as administracións públicas.
- 7) Os bioproductos baseados na transformación da madeira, pola súa capacidade de substitución de produtos baseados en petróleo, aceiro e cemento, están a ser protagonistas na consecución de obxectivos –tan importantes– como os enmarcados no Pacto Verde da UE. O desenvolvemento tecnolóxico e a circularidade son fundamentos prioritarios das políticas públicas de loita contra o cambio climático que se están a desenvolver en toda Europa.
- 8) Neste contexto, as entidades asinantes, desexamos urxir a todas as administracións públicas a apoiar de xeito decidido calquera iniciativa industrial que se proxecte en Galicia encamiñada ao peche dos ciclos industriais ligados á madeira, a que executen as infraestruturas precisas e a garantir os mecanismos de apoio necesarios para que estes proxectos sexan canto antes unha realidade no noso territorio.
- 9) Urximos tamén a tomar as medidas necesarias para un desenvolvemento do recurso coherente co que se espera do sector, mellorando a eficiencia na



xestión e en todos os procesos de aproveitamento e transformación da madeira como elemento esencial da bioeconomía circular. A promoción de mecanismos de agrupación forestal, a formación de capital humano, a xeración de cultura forestal, a promoción da xestión forestal sostible e a súa certificación, a xestión profesional do monte para ser capaces de producir máis, o aumento da capacidade de aproveitamento, son algunhas das áreas de traballo nas que debemos enfocarnos con urxencia.

- 10) Creemos que non hai mellor instrumento en materia de loita contra o cambio climático, contra o abandono do rural e contra os incendios forestais que mediante o fortalecemento dunha actividade industrial en Galicia que asegure a produción e transformación final dos produtos ligados á madeira.

Clúster da madeira e do deseño
de Galicia
O presidente

Asociación provincial de
empresarios da 1ª transformación
da madeira de Lugo
A presidenta

Jose Manuel Iglesias Vilas

Mª del Carmen Gayoso Montenegro

Federación empresarial de
aserradoiros e rematantes de
madeiras de Galicia
O presidente

Clúster da biomasa de Galicia
O presidente

Elier Ojea Ureña

Francisco J. Álvarez Pereiro